

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE DIRIXIDAS ÁS PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

Por unha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, Luís García Deber, presidente da Fundación Ronsel, con poder suficiente, segundo a escritura de poder especial outorgada perante Víctor José Peón Rama, notario do lustre Colexio de Galicia, o 28.03.2023 (protocolo 628).

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.-** O artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral a promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e das galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

**Terceiro.-** A Estratexia Galicia Retorna aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas para facilitar o dereito a regresar a Galicia das persoas emigrantes galegas e mais da súa descendencia, e recolle como un dos obxectivos promover a integración laboral por conta allea das persoas galegas retornadas e intensificar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego das persoas galegas retornadas, en especial no rural galego.

A Secretaría Xeral da Emigración, no marco da Estratexia Retorna, desenvolve o programa de Bolsas Excelencia Mocidade Exterior–Máster (BEME), para que a xuventude galega que reside no exterior



con formación universitaria veña a Galicia cursar un máster que lles permita incorporarse ao mercado laboral galego. Durante a súa estancia facilitaráselles orientación laboral para que poidan iniciar a súa traxectoria profesional e establecérense en Galicia

Así mesmo, na estratexia tamén se recolle como unha das medidas a de promover o autoemprego e a creación de empresas por persoas galegas retornadas, a través das axudas ao retorno emprendedor, destinadas a promover o autoemprego e a actividade emprendedora na comunidade autónoma galega das persoas galegas ou descendentes de galegos/as que retornen a Galicia e os seus cónxuxes ou persoas con unión análoga, de xeito que poidan fixar a súa residencia en Galicia, integrárense e realizar nela as súas actividades profesionais, empresariais ou laborais.

**Cuarto.-** A Fundación Ronsel é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2000/19. Ten por obxecto nos seus estatutos o desenvolvemento e fomento económico galego e, moi en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Así mesmo, ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas de orixe migrante, entre as que están incluídas as persoas emigrantes retornadas, así como no desenvolvemento de programas dirixidos a prestar asesoramento e orientación aos/ás emprendedores/as para o establecemento do seu negocio. É de salientar que leva traballando máis de 20 anos con distintos programas e servizos que promoven a mellora da empregabilidade das persoas xa sexa por conta allea ou por conta propia.

Por outra banda, a fundación ten unha acreditada experiencia traballando co colectivo de persoas retornadas, xa que se trata dun colectivo con necesidades e dificultades específicas de inserción laboral, derivadas do seu descoñecemento do funcionamento do mercado de traballo galego e das redes para o acceso a el, dada a súa procedencia de países con mercados laborais distintos.

A isto habería que engadir a dificultade para conseguir a homologación das titulacións universitarias en España, feito que dificulta o acceso deste colectivo ao mercado de traballo, polo que require o emprego de ferramentas e recursos específicos nos que a fundación ten acreditada unha ampla experiencia.

Así mesmo, a fundación é un referente en Galicia no uso da ferramenta de mentoría e é membro desde o ano 2015 da rede de *Youth Business Spain*, que pertence á rede *Youth Business International* (presente en 62 países), coa que desenvolve esta metodoloxía de mentoría co obxecto de promover e prestar apoio ao emprendemento, principalmente dirixida ao autoemprego e á creación de emprego. A Fundación Ronsel aplica unha metodoloxía de mentoría na que o mentor ou a mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así ao seu crecemento profesional e persoal, sen interferir na súa toma de decisións.

Esta fundación desenvolve programas dirixidos a reforzar a empregabilidade por conta allea das persoas retornadas e programas de mentores/as dirixidos a persoas emprendedoras galegas retornadas, nos que se presta un servizo de acompañamento por medio da figura do/da mentor/a que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír, deste xeito, a mellorar a competencia e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia.



**Quinto.-** Na actualidade e atendendo ás cifras dos últimos anos, Galicia estase a converter en terra de retorno. Así, a Estatística de Variacións Residenciais do INE de 2024 mostra un saldo migratorio positivo na comunidade, é dicir, cun número maior de entradas que de saídas, acadando un total de 30.325 persoas, que consegue revertir novamente o saldo vexetativo negativo.

Esta nova realidade social e económica trae consigo novos retos: ofrecerlles e procurarlles ás persoas galegas retornadas unha cobertura integral das súas necesidades básicas e facilitarlles a súa integración educativa e laboral. A dita poboación retornada atópase, en moitos casos, con dificultades para acceder a un posto de traballo. Esta problemática deriva maioritariamente dunha falta de formación específica en temas de capacitación profesional, homologación de títulos e ausencia de coñecementos en técnicas de procura de emprego.

Ante esta realidade é preciso desenvolver accións específicas encamiñadas a mellorar a empregabilidade da poboación retornada. A fundación Ronsel desenvolve un programa específico que aborda de xeito integral as necesidades das persoas retornadas mediante itinerarios individualizados en función dos seus requirimentos específicos de emprego encamiñados a conseguir a plena inserción socio-laboral das persoas retornadas. O interese público desta actuación radica en que incide directamente na mellora da empregabilidade das persoas galegas retornadas a Galicia contribuíndo a obxectivos estratéxicos de actuación desta comunidade autónoma para o período 2022-2030 tanto desde un punto de vista demográfico como de competitividade e crecemento recollidos en documentos de planificación vixentes como a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 e o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

**Sexto.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non é posible promover a concorrencia pública.

A importancia desta entidade para desenvolver programas específicos que abordan de xeito integral as necesidades das persoas retornadas xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio, ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da lei 9/2007.

Por todo o exposto e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer a concesión dunha subvención a Fundación Ronsel para desenvolver as accións de mellora da empregabilidade dirixidas ás persoas emigrantes retornadas especificadas nas metodoloxías recollidas nos Anexos I e II.



## **Segunda.- Actuacións que se van realizar**

As accións ao abeiro deste convenio irán dirixidas ás persoas galegas ou descendentes de galegos/as que retornen a Galicia e aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga, que regresan a Galicia para labrárense un futuro e xerar riqueza, ben sexa a través dun emprego por conta allea ou ben sexa emprendendo.

As persoas migrantes atópanse con especiais dificultades á hora de acceder ao mercado laboral. Por unha banda, atópanse cun choque cultural e un proceso de adaptación que ten un forte impacto emocional e precisa de acompañamento e apoio na construción dunha rede de contactos cando non existe, principalmente durante os primeiros meses.

Por outra banda, moitas destas persoas atópanse con grandes barreiras á hora de homologar os seus estudos e poder así validalos e seguir desempeñando postos que respondan ao seu perfil profesional. A duración dos trámites administrativos e a escaseza de recursos nalgúns ocasións supoñen unha barreira no acceso ao mercado laboral que precisa de información, apoio e asesoramento.

As accións a desenvolver con este colectivo son:

a) Accións de información, asesoramento e formación dirixidas á integración no mercado laboral, tanto por conta allea como conta propia:

a.1) Nun primeiro nivel desenvolveranse obradoiros grupais, charlas e cursos formativos dirixidos a proporcionar as ferramentas necesarias para coñecer o mercado de traballo galego.

a.2) Nun segundo nivel levaranse a cabo itinerarios individualizados de inserción laboral adaptados ás condicións particulares de cada unha das persoas participantes.

Recóllese como anexo I deste convenio a metodoloxía de orientación laboral que se vai realizar e a previsión do orzamento que se vai executar con cargo a este convenio, dirixido a un máximo de 250 persoas emigrantes retornadas.

b) Para aqueles/as emigrantes retornados/as que xa teñan un proxecto empresarial en marcha levarase a cabo un programa de mentoría que persegue apoiar e acompañar no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividade profesional, cunha maior garantía de éxito que favoreza a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

A metodoloxía que se vai aplicar no programa será aquela na que un mentor ou mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así á consolidación das súas iniciativas empresariais.

A Fundación Ronsel poñerá ao dispor do programa un equipo de 15 mentores/as, 5 mentores/as de apoio e 5 suplentes, de tal maneira que o número medio de persoas aprendizas sexa de 4 por mentor/a. O período mínimo do proceso mentor para levar a cabo o seu correcto aproveitamento será de 3 meses (6 entrevistas) e un máximo de 8 meses (12 entrevistas). A duración mínima-máxima establecida para as entrevistas será de 60 a 120 minutos.

Os mentores ou mentoras transferiránlles ás persoas emprendedoras os seus coñecementos e toda a aprendizaxe adquirida a través da experiencia e acompañaranas coa finalidade de desenvolver o seu



potencial e habilidades. A creación deste ambiente de confianza e conexión entre mentores/as e emprendedores/as propiciará o crecemento e consolidación profesionais.

Recóllese como anexo II deste convenio a metodoloxía de mentoría que se vai realizar e a previsión do orzamento que se vai executar con cargo a este convenio, dirixido a un mínimo de 90 persoas emprendedoras.

### **Terceira.- Obrigas das partes**

1. A Fundación Ronsel comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- Xustificar ante a Secretaría Xeral da Emigración o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- Comunicarlle de forma inmediata ao órgano concedente a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Remitirlle á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta, condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

#### **Cuarta.- Crédito orzamentario**

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de douscentos mil euros (200.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00038), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

#### **Quinta.- Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio serán subvencionables o 100 % dos gastos contemplados no orzamento do anexo III, realizados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026 que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e coa seguinte análise:

- Custos de persoal, ata un máximo do 38,50 % do custo subvencionable total, incluíndo os gastos de coordinación e xestión necesarios.
- Actos institucionais, de representación e de comunicación, ata un máximo do 4 % do custo subvencionable total.
- Aqueles outros gastos correntes que orixine a realización das actividades previstas no convenio (formación, desprazamentos, mentorías, servizos profesionais, manutención, aloxamento, etc.) ata un máximo do 53,50 % do custo subvencionable total.
- Os custos indirectos ou de funcionamento da propia fundación (enerxía eléctrica, teléfono, gas, auga, alugamento, limpeza e asesoría) formarán parte da xustificación, sempre que o custo que se impute á actividade subvencionada non supere o 4 % do gasto efectivamente executado.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades obxecto do convenio, o órgano de concesión poderá aceptar modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables, de xeito que a minoración dalgún concepto incremente a dotación dos restantes, sen que se poida incrementar en máis dun 20 % a dotación inicial de cada un dos conceptos subvencionables. Esta redistribución ou modificación das porcentaxes de gasto non incrementará o importe total da subvención. Para o caso de que o número de participantes sexa superior ao establecido, non implicará, en ningún caso, o incremento do importe da subvención.

Entre outros, serán subvencionables os custos salariais soportados pola entidade beneficiaria, incluíndo cotizacións de Seguridade Social e retencións correspondentes ao IRPF. En relación aos gastos relativos a pagamentos á seguridade social do mes de novembro e a retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2026, a súa acreditación realizaras mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que correspondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables, non será preciso acreditar o pagamento previo por parte da entidade beneficiaria. Respecto destes gastos, a entidade beneficiaria está obrigada a acreditar o efectivo pagamento con anterioridade ao 15 de febreiro do 2027. O



incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. Para o caso de que o importe de subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. Para o caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será á conta da entidade beneficiaria.

En relación coas axudas de custo e gastos de viaxe, aplicarase o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia e o importe máximo será o establecido para o grupo 2 no devandito decreto.

#### **Sexta.- Compatibilidade**

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade que se vai subvencionar.

#### **Sétima.- Pagamento anticipado**

Logo da sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por un importe do oitenta por cento (80 %) da contía total da subvención, atendendo ao disposto no artigo 63 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe restante librarase no momento no que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

Para proceder a este pagamento, a Fundación Ronsel presentará unha declaración responsable na que conste:

- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.



### **Oitava.- Xustificación e pagamento final**

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2026.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar diante desta consellería, con carácter previo ao pagamento final da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, a entidade beneficiaria deberá achegar á Secretaría Xeral da Emigración a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da Fundación Ronsel, na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados.
- Memoria final xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se recollan as accións realizadas, listado das persoas retornadas atendidas, resultados obtidos e a súa valoración cualitativa e demais aspectos que se consideren relevantes.
- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados, na que conste a identificación do acredor/a, a data de emisión, a data de pagamento, concepto e importe.
- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Con todo, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, consonte o disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.
- Declaración responsable asinada electrónicamente pola persoa representante da Fundación Ronsel na que conste:
- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.



- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificar o importe total da subvención obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás disposición expresa en contrario, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

A Secretaría Xeral da Emigración resérvase o dereito de solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

#### **Novena.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se fose o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outra deficiencia considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se fose o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

#### **Décima.- Modificación do convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

#### **Décimo primeira.- Causas de resolución do convenio**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
  - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
  - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
  - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
  - e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
  - f. Calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Décimo segunda.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas; dúas de parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade beneficiaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Décimo terceira.- Relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á esta consellería ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria polos actos ou feitos que tiveran lugar no seu desenvolvemento.



**Décimo cuarta.- Autorización, publicación e rexistro do convenio**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

Comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Décimo sexta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2026 e ata o 30 de novembro de 2026, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



En proba de conformidade, ambas as partes asinan este convenio

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración      O presidente da Fundación Ronsel

José González Vázquez

Luis García Deber



## ANEXO I

## METODOLOXÍA DE ORIENTACIÓN LABORAL

## OBXECTIVO

Apoiar e acompañar ás persoas galegas ou descendentes de galegos/as que retornen a Galicia e aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga, co obxecto de favorecer a súa integración laboral na Comunidade Autónoma de Galicia.

## PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa vai destinado a persoas galegas ou descendentes delas que retornen, así como aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga.

## ACCÍONS QUE SE VAN DESENVOLVER

No programa levaranse a cabo as seguintes accións:

- a) Obradoiros grupais
- b) Charlas con empresas
- c) Cursos de emprendemento
- d) Asesoramento xurídico e emocional
- e) Desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inserción laboral
- f) Avaliación da evolución do programa

## ORZAMENTO PREVISTO DE GASTOS PARA ATENDER A 250 PERSOAS MÁXIMO

CONCEPTO	Orzamento estimado	Persoal	Serv. externo	Outros gastos
Itinerarios personalizados (1.320 horas de asesoramentos) (inclúe gastos de alugueres e desprazamentos)	26.400,00 €	22.440,00 €	3.960,00 €	
Obradoiros grupais (110 horas) (inclúe gastos de alugueres e desprazamentos)	9.350,00 €	5.360,00 €	3.990,00 €	
Charlas con empresas	4.850,00 €		4.850,00 €	



CONCEPTO	Orzamento estimado	Persoal	Serv. externo	Outros gastos
(3 charlas: A Coruña, Santiago e Vigo) (inclúe gastos de alugueres e desprazamentos)				
Cursos de emprendemento (80 horas) (inclúe gastos de alugueres e desprazamentos)	10.200,00 €		10.200,00 €	
Maduración da idea emprendedora (bolsa de 300 horas de asesoramentos) (inclúe gastos de alugueres e desprazamentos)	21.000,00 €		21.000,00 €	
Dirección, coordinación e administración (1.168 horas de persoal)	22.200,00 €	22.200,00 €		
Representación e comunicación	3.000,00 €			3.000,00€
Gastos indirectos	3.000,00 €			3.000,00€
<b>Total orzamento estimado</b>	<b>100.000,00€</b>	<b>50.000,00€</b>	<b>44.000,00€</b>	<b>6.000,00€</b>



## ANEXO II

## METODOLOXÍA DE MENTORÍA

## OBXECTIVO

Apoiar e acompañar ás persoas galegas ou descendentes de galegos/as que retornen a Galicia e aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga no desenvolvemento dos seus negocios ou actividade profesional, co obxecto de favorecer a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia e impulsar a súa consolidación e crecemento.

## PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa vai destinado a persoas emprendedoras galegas ou descendentes delas que retornen, así como aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga.

## ACCÍONS QUE SE VAN DESENVOLVER

No programa levaranse a cabo as seguintes accións:

- a) Actualización da páxina *web* do programa na que se incluírá, polo menos, a información sintetizada sobre ela e o ficheiro online de inscrición.
- b) Captación dun mínimo de 90 persoas beneficiarias do programa.
- c) Formación das persoas inscritas no programa e do equipo de mentores/as.
- d) Proceso de emparellamento de mentores/as e persoas inscritas (sinatura dun “Acordo de Mentoría”).
- e) Relación de mentoría para cada parella asinante do acordado (recomendado: mínimo de 3 meses ou 6 entrevistas, e máximo de 8 meses e 12 entrevistas).
- f) Organización de eventos de *networking* en liña e/ou presenciais nos que favorecer os contactos profesionais.
- g) Creación dunha rede informal de apoio empresarial.
- h) Detección de necesidades formativas transversais entre as persoas participantes no programa, preparación e programación de obradoiros.
- i) Fase final de peche das relacións de mentoría.
- j) Avaliación da evolución do programa.



## ORZAMENTO PREVISTO DE GASTOS PARA ATENDER A 90 PERSOAS

CONCEPTO	ORZAMENTO ESTIMADO
Formación mediante <i>mentoring</i> (90 persoas x 700 €/persoa)	63.000,00 €
Dirección, coordinación e administración (1.421 horas de gastos de persoal)	27.000,00 €
<i>Networkings</i> , comunicación e representación (inclúe 2 eventos de encontros presenciais) (IVE engadido)	5.000,00 €
Gastos indirectos (IVE engadido)	5.000,00
Total orzamento estimado	100.000,00 €



## ANEXO III

## ORZAMENTO TOTAL ESTIMADO

CONCEPTO	ORZAMENTO ESTIMADO
Gastos de persoal e coordinación	77.000,00 €
Gastos de representación e comunicación	8.000,00 €
Servizos externos, formación, mentoría e outros necesarios para o desenvolvemento do programa	107.000,00 €
Gastos indirectos	8.000,00 €
Total	200.000,00 €

